

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 29 DE ABRIL DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00019310J.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2024.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00029231Y.

Licenza de OBRAS DE REHABILITACIÓN de edificación para residencia universitaria na PRAZA DE SAN MARTIÑO, 2

Acórdase:

PRIMEIRO.- Conceder licenza de OBRAS DE REHABILITACIÓN de edificación para residencia universitaria na PRAZA DE SAN MARTIÑO, 2, con referencia catastral 7380701NH3478A0001JE, segundo Proxecto básico modificado con data de rexistro de 04/09/2023 e de execución redactado polas arquitectas Cristina Ezcurra de la Iglesia e Cristina Ouzande Lugo, co visado colexial de data 30/03/2023, cun orzamento de execución material de 180.112,77 €, baixo a dirección de obra das proxeccionistas e dirección de execución de obra do arquitecto técnico Marcos Bermúdez Mosquera.

As actuacións consistirán no acondicionamento de edificación de catro plantas e entrechán para uso de residencia universitaria, cunha superficie construída de 430,80 m², ocupación en planta de 85,67 m² e altura de 14,42 metros para uso de residencia universitario.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza do recinto intramuros do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00033887N.

Licenza de obras de rehabilitación para residencia de estudantes e hotel na RÚA DAS GALERAS, 44

Acórdase:

PRIMEIRO.- Conceder a SMART STUDENT HOUSING S.L licenza de obras de rehabilitación de inmovible sito na RÚA DAS GALERAS, 44, con referencia catastral 7081201NH3478A0001EE, consonte Proxecto básico e de execución de rehabilitación e acondicionamento de edificio para residencia de estudantes e hotel en RÚA DAS GALERAS 44 asinado polo arquitecto Álvaro Oliver Bultó co visado colexial de data 22/01/2024, cun orzamento de execución material de 9.164.540,00 €, baixo a dirección de obra do proxeccionista e dirección de execución do arquitecto técnico Manuel Rumbo Noya.

As actuacións consistirán na execución de obras de rehabilitación e acondicionamento do Antigo Hospital para destinalo a residencia de estudantes (215 habitacións) e hospedaxe (185 habitacións, 298 prazas).

Trátase de edificación de nove plantas: soto, baixo e sete plantas altas (S+B+7), destinándose ao uso de hospedaxe o soto, parte da planta baixa, planta primeira e segunda e ao uso terciario-residencial parte da planta baixa e as plantas terceira a sétima; cunha superficie construída total de 12.743,20 m², ocupación en planta de 2.226,90 m² e altura máxima a existente na actualidade

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00035995G.

Instalación dunha piscina prefabricada de superficie na parcela sita en LG Larañño, 36.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez presentado o 22/08/2023 e a documentación do 23/02/2024, cun orzamento de execución material de 26.620,33 €, a instalación dunha piscina prefabricada de superficie na parcela sita no Lg de Larañño 36 Santiago de Compostela (A Coruña) parcela con referencia catastral 001400400NH34E.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1988/2019.

Licenza para o proxecto básico modificado de construción dun edificio de planta baixa, 6 plantas altas baixocuberta e garaxe para 6 vivendas na parcela situada na rúa Nova de Abaixo, 20.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico reformado (2) redactado pola arquitecta dona Ana María Verea Loures presentado o 12/12/2023, cun orzamento de execución material de 396.000,00, a construción dun edificio de planta baixa, 6 plantas altas baixocuberta e garaxe para 6 vivendas na parcela situada na rúa Nova de Abaixo, 20 Santiago de Compostela (A Coruña), parcela con Referencia Catastral 6872011NH3467B0001BF.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00036765L.

Aceptar renuncia á execución de ampliación de vivenda unifamiliar sita na Rúa de Muros, 62.

Acórdase aceptar a renuncia formulada na data 16/11/2023 á execución da ampliación de vivenda unifamiliar illada na Rúa de Muros 62 Lugar de Roxos Santiago de Compostela (A Coruña) parcela referencia catastral 2473211NH3427C0001DU concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 10/07/2023.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00053743L.

Licenza para a segregación e agrupación de parcelas sitas en Ponte do Romáño, 63

Acórdase conceder licenza para segregación e agregación de parcelas sitas en Ponte do Romáño nº 63, parcelas con referencias catastrais 7911609NH3570G (parcela 1) e 7911620NH3570G (parcela 2); segundo proxecto de segregación e agregación con data de visado 20/12/2023 redactado pola Enxeñeira Técnica Agrícola Verónica Pijuan Hervellon.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00050006P.

Admitir o recurso de reposición e conceder licenza ao proxecto modificado da segregación da parcela sita no LG Ramil, 11.

Acórdase admitir o recurso de reposición interposto pola interesada na data 15/02/2024 polos motivos expostos nos antecedentes e conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto modificado redactado pola enxeñeira técnica en topografía María Sánchez Nouche de data de visado do 15/02/2024 a segregación da parcela sita no lugar de Ramil nº 11 Santiago de Compostela (A Coruña) con referencia catastral 15079A51501115.

9. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00050113T.

Autorización da transmisión da parcela de protección BB-11 do SUNP12

Acórdase autorizar a transmisión da parcela de protección denominada BB-11 do SUNP12 (VPA-RC) á sociedade cooperativa de vivendas “COMPOSTELA 2023, Sociedade Cooperativa Galega” por un prezo non superior ao prezo establecido no prego (540.000 Euros, máis IVA) consonte ao establecido na Cláusula 12.k do mesmo, debendo subrogarse o comprador na posición xurídica do adxudicatario, con suxeición ás limitacións e condicións establecidas no alleamento da parcela municipal que deberán reproducirse na escritura de venda.

10. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00018857C.

Proposta de aprobación do proxecto de “REPARACIÓN DA CUBERTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL QUIROGA PALACIOS”

Acórdase aprobar o proxecto de “REPARACIÓN DA CUBERTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL QUIROGA PALACIOS” coas seguintes condicións:

ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 263.517,19 €

V.E. (Valor Estimado, sen I.V.E.) 313.585,45 € (O.E.M.+ 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, con I.V.E.) 379.438,39 € (O.B.L. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de dous (2) meses e medio.

11. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00012281E.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra de DESMONTAXE DA CUBERTA E DESAMIANTADO DO LAVADOIRO DE SAN XOAN DE FECHA, en Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de DESMONTAXE DA CUBERTA E DESAMIANTADO DO LAVADOIRO DE SAN XOAN DE FECHA emitida por SERVICIOS Y CUBIERTAS SA. por importe de DOS MIL SETECIENTOS VEINTIDOS EUROS CON CINCUENTA 2.722,50 CENTIMOS.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00018351C.

Aprobación do expediente de contratación do *Servizo de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán do Departamento de Educación.*, con orzamento base de licitación de 120.848,75 €.

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do *Servizo de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán do Departamento de Educación*, con orzamento base de licitación de 120.848,75 € (base imponible de 99.875,00 € máis IVE do 21% de 20.973,75 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 120.848,75 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 080 32600 2269900.

13. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00019310J.

Declaración de ausencia de conflito de intereses no expediente de contratación Dirección Facultativa das obras do Proxecto “Rehabilitación Integral do Pavillón Municipal De Vite”.

Os membros da Xunta de Goberno Local declaran ausencia de conflito de intereses

na contratación da Dirección Facultativa das obras do Proxecto "Rehabilitación Integral do Pavillón Municipal de Vite" ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente. |

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00049271D.

Adxudicación do contrato da dirección facultativa das obras do Proxecto "Rehabilitación Integral do Pavillón Municipal de Vite" a ARQUITAV ARQUITECTOS SL por importe de 35.800,00 € , IVE excluído. |

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a única oferta presentada e cumprir os requisitos establecidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto a *Dirección Facultativa das obras do Proxecto "Rehabilitación Integral do Pavillón Municipal de Vite" a ARQUITAV ARQUITECTOS SLP*, que presenta unha proposición económica de 43.318,00 € (base imponible de 35.800,00 € máis IVE do 21% de 7.518,00 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 43.318,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 040 93302 6320001 (Código de proxecto 2023 2 NGPAV 2 1).

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00037172P.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto o servizo de backup e ciber-resiliencia do concello de Santiago de Compostela na modalidade IAS (infraestructure as a service – infraestructura como servizo). |

Acórdase:

Primeiro.- Emendar o acordo da Xunta de Goberno do 04/11/2023 de aprobación do expediente suprimíndose o parágrafo Terceiro relativo á aprobación de gasto, dado que o expediente se tramitou como anticipado de gasto.

Segundo.- Aprobar o gasto de 181.845,98 €, con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2060000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

<i>ANUALIDADE</i>	<i>IMPORTE</i>
2024	83.346,07 €
2025	90.922,99 €
2026	7.576,92 €
TOTAL	181.845,98 €

Terceiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto o servizo de backup e ciber-resiliencia do concello de Santiago de Compostela na modalidade IAS (infraestructure as a service – infraestructura como servizo) a TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA SAU, por un importe total de 175.801,80 euros (Base imponible: 145.290,74 euros, IVE do 21%: 30.511,06 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

O adxudicatario comprométese a asumir os valores de retención das copias de seguridade establecidos na cláusula 10.2 B) do PCAP ao longo da vixencia do contrato:

PERIODICIDADE DA COPIA	RETENCIÓN
------------------------	-----------

Diaria	30 días
Semanal	2 meses
Mensual	24 meses
Anual	4 anos

Terceiro: Comprometer o gasto por importe de 175.801,80 euros con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2060000. Os créditos de exercicios futuros queda subordinado, ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

<i>ANUALIDADE</i>	<i>IMPORTE</i>
2024	80.575,83 €
2025	87.900,90 €
2026	7.325,07 €
TOTAL	175.801,80 €

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00052006B.

Adjudicación do contrato das obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa das Estrelas" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña" a OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL

Acórdase:

Primeiro: desestimar, coa fin de respectar os principios da contratación pública de non discriminación e igualdade de trato entre todos os licitadores, as alegacións presentadas por CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL relativa á interpretación e cómputo de páxinas na valoración mediante criterios de xuízo de valor da súa oferta técnica.

Segundo: adjudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa das Estrelas" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña* a OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, que presenta unha proposición económica de 123.820,00 € (base imponible de 102.330,58 € máis IVE do 21% de 21.489,42 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 123.820,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (Código de proxecto 2022 2 PPROV 35 3).

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00008454J.

Adjudicación do contrato do "Servizo da Festa dos maiores 2024-2025" a CASA TABOADA SC

Acórdase:

Primeiro: adjudicarlle, por ser a única oferta presentada e cumprir os requisitos esixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto o Servizo da Festa dos maiores 2024-2025 a CASA TABOADA SC, que oferta un prezo unitario por comensal de 27,40 euros sen IVE.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 90.420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900, coa seguinte desagregación por anualidades

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	45.210,00 €
2025	45.210,00 €
TOTAL	90.420,00 €

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, así mesmo, ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo o orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. |

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022209A.

Suspensión do procedemento de resolución do contrato da *Execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo (Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI - PO FEDER 2014-2020)* polo tempo que medie entre a petición do dictame do Consello Consultivo e a súa emisión |

Acórdase:

Primeiro. Aceptar a proposta de resolución do contrato da *Execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo (Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI - PO FEDER 2014-2020)*, firmado coa empresa BAUEN EMPRESA CONSTRUCTORA SAU con causa no incumprimento da obriga principal do contrato, ao amparo do establecido no artigo 211.1 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Segundo. Aceptar a proposta de incautación da garantía definitiva constituída mediante aval por importe de 58.922,43 € (nº operación: 320210002799), ao amparo do artigo 110 d) da LCSP, sendo o avalista CAIXABANK SA.

Tercero. Solicitar o ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia de acordo co establecido no artigo 191.3 da LCSP con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato.

Cuarto. Acordar a suspensión deste procedemento polo tempo que medie entre a petición do ditame do Consello Consultivo e a súa emisión ao amparo do establecido no artigo 22.1 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Quinto. Notificarlle este acordo a BAUEN EMPRESA CONSTRUCTORA SAU e a CAIXABANK SA en tanto que avalista deste contrato. |

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00030939N.

Autorización da cancelación da póliza de seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa *ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.*, para responder do contrato de “Servizos para a xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán 2022” . |

Acórdase autorizar a cancelación da póliza de seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa *ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.* por importe

de 4.007,47 euros (Avalista: Atradius Crédito y Caución S.A. de Seguros y Reaseguros) para responder do contrato de “Servizos para a xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación de verán 2022”. Expte. 2022/30939N (CON2022000020).

20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00011280X.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa TECNOCOM, TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A, agora INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.U., para responder do contrato de “Prestación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión XIESS de Servizos Sociais” . CON/39/2016.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa TECNOCOM, TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A, agora INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.U. por importe de 455 euros (Avalista: ABANCA Corporación Bancaria S.A.) para responder do contrato de “Prestación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión XIESS de Servizos Sociais” . CON/39/2016.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00011263Q.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa TECNOCOM, TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A, agora INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.U. para responder do contrato de “Subministración e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o Centro de Proceso de Datos” . CON/63/2014.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa TECNOCOM, TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A, agora INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.U., por importe de 5.737,15 euros (Avalista: Banco Bilbao Vizcaya y Argentaria S.A. (BBVA), para responder do contrato de “Subministración e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o Centro de Proceso de Datos”. CON/63/2014.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00011289L.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa TECNOCOM, TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A, agora INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.U. , para responder do contrato de “Servizo de redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020” . CON/8/2016.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa TECNOCOM, TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A, agora INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.U., por importe de 1.061,70 euros (Avalista: ABANCA Corporación Bancaria S.A.) para responder do contrato de “Servizo de redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020” . CON/8/2016.

23. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00019123X.

Factura F/2024/662 - CX 37 expedida por RECAMBIOS SANTIAGUESES SL

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de CENTO VINTE E CINCO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (125,84 €), segundo factura número F/2024/662 que se achega no expediente, emitida pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L., en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xaneiro do ano 2024.
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.]

24. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00019132L.

OFI factura F/2024/350 expedida pola empresa Los Ángeles Gas]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS (1.485,00 €) segundo factura número contable F/2024/350 que se achega no expediente, emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.]

25. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00019037Q.

OFI relacion contable de facturas S/2024/30 - CX37]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTE MIL VINTE DE DOUS EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (20.022.69 €), segundo relación contable de facturas S/2024/30 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2024/375 por un importe de 973,17 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L. e remata pola factura número F/2024/1319 por un importe de 1.020,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.]

26. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00019017L.

Aprobación da memoria do XXVIII Certame de Teatro Intercentros 2024.

Acórdase aprobar a memoria do XXVIII Certame de Teatro Intercentros 2024.]

27. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00019025G.

Aprobación da memoria do XVII Certame de Danza Intercentros 2024.

Acórdase aprobar a memoria do XVII Certame de Danza Intercentros 2024.]

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00016103A.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación “Fonte da Virxe” de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais pola contía de 5.000,00 €]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación “Fonte da Virxe” de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800003, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024. |

29. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00016653R.

Establecemento do importe do prezo público para a Festa dos Maires 2024

Acórdase aprobar o establecemento do importe do prezo público de asistencia á celebración da Festa dos Maires 2024 no importe de 10,00 € por persoa. |

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00018789K.

Tomar coñecemento das sentenzas recaídas no procedemento PO 238/2022 CA 2 e AP 4295/2023 TSX sobre expediente de reposición da legalidade urbanística ao desenvolverse unha actividade turística sen título habilitante |

Resolucións:

- Sentenza 99/2023, de 10 de xullo, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela

- Sentenza 53/2024, de 7 de febreiro, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª

Procedementos: PO 238/2022; RA 4295/2023

Obxecto: Decreto nº 2022/6134 da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural, de data 25.05.2022, polo que se rexeitan as alegacións presentadas no expediente de reposición da legalidade urbanística nº 2022/00012831M, ao desenvolverse unha actividade turística na vivenda sen título habilitante, sendo esta actividade ilegal e ilegalizable; e se ordena o cese no sito uso ilegal baixo apercibimento de execución forzosa e precinto no prazo de 24 horas a contar dende a constatación do incumprimento.

A sentenza de instancia, confirmada en apelación, desestima na súa totalidade o recurso contencioso-administrativo ao entender, por unha banda, que para exercicio da actividade turística (neste caso, VUT) se precisa a obtención do título habilitante municipal, distinto e independente da autorización autonómica; e por outra, que actividade turística non pode encadrarse nun uso residencial, senón hoteleiro.

As sentenzas son firmes, polo que non procede a interposición de recurso ningún (diligencia de ordenación de 15.04.2024).

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Licenzas/Disciplina para o seu coñecemento e efectos oportunos

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00018813E.

Toma de coñecemento do auto recaído no Procedemento Ordinario núm. 504/2023 CA2 sobre legalización das obras de renovación de Ruta. |

Resolución: Auto 56/2024, de 3 de abril, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela.

Procedemento: PO 504/2023

Obxecto: resolución 2023/12134 do Concelleiro Delegado de Urbanismo, de 10.10.2023, ditada no expte. 2023/00036098S, pola que se rexeitan as alegacións da demandante e se lle require para que proceda á legalización das obras de renovación

total dos aseos no prazo de tres meses a través da solicitude de título habilitante, manténdose a suspensión das obras e dos usos.

O auto declara a caducidade do trámite de formalización da demanda pola parte recorrente ao non terse presentado no prazo previsto no artigo 52 da LXCA.

A resolución xudicial é firme ao non terse interposto recurso ningún pola parte demandante, consonte ao declarado na dilixencia de ordenación de 18.04.2024.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Licenzas/Disciplina para o seu coñecemento e efectos oportunos.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00018663X.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 238/2021 CA1 sobre a demolición das obras executadas sen licenza na rúa do Hórreo.

Resolución: Sentenza 81/2024, de 27 de marzo, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 238/2021

Obxecto: inactividade do Concello na execución do Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo de 6.11.2015, polo que se acorda a demolición das obras executadas sen licenza na rúa do Hórreo, ao transcorrer o prazo de tres meses previamente concedido para a súa legalización.

O xulgado estima a demanda dirixida contra a inactividade desta Administración na execución dunha orde de demolición firme pois non consta que a dita demolición se fixera efectiva polos medios de execución forzosa previstos no artigo 152.6 da LSG (antes, artigo 209.6 da LOUGA), máis aló da imposición dunha multa coercitiva de 1.000 euros.

A sentenza é susceptible de recurso de apelación, polo que non firme.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir ao Departamento de Licenzas/Disciplina.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00012412L.

Tomar coñecemento da sentenza referente ao PA 61/2023 CA2.: sanción por non presentar autoliquidación e pago de IIVTNU

Sentenza nº 096/2024

PA 061/2023 CA2

Obxecto: sanción por non presentar autoliquidación e pago de IIVTNU.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de inspección tributaria para o seu coñecemento.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00018865M.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 234/2022 CA1 sobre sanción por estacionar en zona peonil sen autorización

Sentenza nº 094/2024

PA 234/2022 CA1

Obxecto: sanción por estacionar en zona peonil sen autorización.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00012629W.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 153/2024 CA 2 sobre sanción por estacionamento de vehículo en espazo reservado para motocicletas

Sentenza nº 094/2024

PA 153/2024 CA2

Obxecto: sanción por estacionamento de vehículo en espazo reservado para motocicletas.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00009628Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 11/2024 CA2 sobre sanción por exceso de velocidade.

Sentenza nº 090/2024

PA 011/2024 CA2

Obxecto: sanción por exceso de velocidade.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento

37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00009620Y.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado núm. 12/2024 sobre sanción por exceso de velocidade.

Sentenza nº 090/2024

PA 011/2024 CA2

Obxecto: sanción por exceso de velocidade.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento

38. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00019310J.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 19 e o 25 de abril de 2024.